

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Antes de comezar co proxecto traballamos os calendarios do mes de xuño como todos os días.

Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”: a semana pasada aprendemos moitas cousas das sardiñas e esta semana imos investigar e aprender moitas características das tartarugas mariñas.

Para saber máis sobre as tartarugas mariñas miramos o seguinte vídeo “Alex- La tortuga marina” (<https://youtu.be/ZaNB6p6vtz0>).

Unha vez finalizado de ver o vídeo facemos a seguinte ficha onde primeiro @s nen@s teñen que debuxar unha tartaruga mariña e despois contestar ás dúas enquisas: **a que familia pertence?** (mamíferos, peixes, réptiles, crustáceos, moluscos, equinodermos,...), e **é un animal vertebrado ou invertebrado?** (para contestar as enquisas podedes mirar o proxecto que traballamos no 1º trimestre, nel teñen as respostas).

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.

TARTARUGA MARIÑA

DEBUXO DO ANIMAL

· A QUE FAMILIA PERTENCE?

· É UN ANIMAL VERTEBRADO OU INVERTEBRADO?

Lóxica- matemática: hoxe imos volver a xogar cunha baralla de cartas.

Primeiro podemos xogar ao xogo do cinquillo, onde se reparten todas as cartas e o xogo consiste en ir colocando as cartas sobre a mesa ata quedar

sen ningunha. Comeza a xogar o xogador que ten o cinco de ouros e despois temos que ir colocando as cartas en posición ascendente e descendente.

Despois para facer a ficha collemos a baralla de cartas e sacamos unha carta, anotamos o número da carta na ficha (no cadrado central) e @s nen@s teñen que escribir o número anterior e posterior desa carta.

Deixo o modelo no outro documento (cuns números xa cubertos como modelo) e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.

	2			4	

Lectoescritura: continuamos facendo o noso “Libro de letras”. Como hoxe investigamos cousas sobre as tartarugas imos traballar a letra “T”.

A actividade consiste en que nun folio debuxamos a letra “T” no medio e despois temos que buscar en revistas ou folletos tres ou catro debuxos que comecen pola letra T (como na imaxe). Recortámoslos e pegámoslos no folio, e despois @s alumn@s de 4 e 5 anos escriben os nomes dos obxectos (@s de 4 anos en maiúscula e @s de 5 anos tentarano facer en minúscula).



Experimento: continuamos cos nosos experimentos, hoxe a mestra Yasmina e eu propoñémosvos facer dous experimentos “A moeda invisible” e “O globo que se infla”.

“A moeda invisible”

Materiais: unha moeda, un vaso de cristal e unha xerra con auga.

Paso 1: introducir a moeda no fondo do vaso e ir enchendo con auga o vaso, veremos como a moeda reflíctese.

Paso 2: agora repetimos o proceso pero en vez de introducir a moeda dentro do vaso colocámola debaixo do vaso, e imos enchendo o vaso con auga.

Paso 3: e “MAXIA” mentres imos enchendo o vaso de auga a moeda faise invisible.



“O globo que se infla”

Materiais: un globo, unha botella de cristal ou de plástico, dúas bandexas e auga.

Paso 1: nunha bandexa poñemos auga fría e na outra bandexa auga quente.

Paso 2: colocamos o globo na boquilla da botella.

Paso 3: introducimos a botella na bandexa con auga fría e miramos que non ocorre nada.

Paso 4: agora colocamos a botella na bandexa de auga quente e “MAXIA” comeza a inflarse o globo.



Especialistas: lembrade que hoxe é luns e tedes que facer os xogos que déixavos o mestre Daniel no seu apartado e mañá martes coa mestra Yasmina imos facer o taller dos experimentos (pero se algún nen@ quere facer algunha actividade máis con ela podeades premer no seu apartado).

Tamén lembrade que os martes vén a mestra Sara de Audición e Linguaxe e a mestra Lorena de Pedagogía Terapéutica, @s nen@s que traballades con elas non vos esquezades de facer algunha actividade que elas planifican no seu apartado.

Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto de “Leotolda” de Olga de Dios (<https://youtu.be/fWuUsGA8Q7I>).

Ao finalizar cada nen@ ten que facer un debuxo de Leotolda (deixo a ficha no outro documento).

